

CONCURSO “CARTEL DE NADAL 2011”

BASES DA CONVOCATORIA

I- PARTICIPACIÓN: Poderán participar todos os escolares de educación infantil e primaria do municipio de Santiago. Cada centro de ensino ou colectivo que traballe con estes grupos de idade, enviará o número de traballos que lle pareza oportuno, coa única limitación dun cartel por neno/a.

II- MEDIDAS DO CARTEL: 50 x 40 como mínimo e 70 x 40 como máximo.

III- LEMA: NADAL 2011. CONCELLO DE SANTIAGO

IV- Cada cartel deberá incluír na súa parte posterior os seguintes datos:

- Nome e apelidos do neno/a
- Curso
- Idade
- Centro onde estudia
- Teléfono particular

V- Os traballos presentados non poderán incluír elementos e materiais que sobresaian do debuxo, como por exemplo: palillos, algodón, purpurina, papel pegado, etc. pola dificultade de reproducir un cartel con estes engadidos e pola inevitable degradación que sofren estes materiais nos trasladados.

VI- Con todos os traballos recibidos, dada a previsible cantidade, realizarase unha escolma polo Departamento de Educación do Concello de Santiago.

VII- O xurado do CARTEL e do PROGRAMA das Festas do Nadal 2011 estará constituído por: 6 escolares, 3 persoas do Concello de Santiago e 1 profesional do deseño. Por sorteo, o Concello elixirá 6 centros de ensino do municipio de Santiago, que enviarán un escolar por centro, pasando a integrar o xurado do Concurso.

VIII- Veredito do xurado: o veredito terá lugar no Salón Verde da Casa do Concello o día 15 de decembro de 2011.

IX- Data de entrega dos agasallos: farase a entrega nun acto público que terá lugar previsiblemente o 19 de decembro na Casa do Concello.

X- Contía dos agasallos:

	TOTAL	GAÑADOR/A	COLEXIO
1º premio	320 €	200 €	120 €
2º premio	215 €	125 €	90 €
3º premio	160 €	100 €	60 €
1º accésit	60 €		
2º accésit	60 €		
3º accésit	60 €		
Total	875 €		

Os premios para os nenos/as e centros de ensino gañadores serán canxeados polo Departamento de Educación por agasallos (xogos, xoguetes, libros, material didáctico, material informático, material audiovisual e fotográfico, material artístico,...), de acordo coas súas familias e directores/as dos centros de ensino, para garantir que un agasallo destas características satisfai o interese de cada neno/a e de cada centro, e serán entregados nun acto público presidido polo Alcalde de Santiago.

XI- PRAZO DE PRESENTACIÓN: do 28 de novembro ao 14 de decembro de 2011, no Departamento de Educación do Concello de Santiago, Rúa do Vilar, 13. Teléfonos 981-554 400 / 554 401

XII- Así mesmo, a presentación dos traballos supón a aceptación das bases da presente convocatoria:

- Os premios poderán ser declarados desertos
- As decisións do Xurado serán inapelables
- As cuestións non previstas nestas Bases serán resoltas polo xurado de acordo co seu libre criterio.

Para máis información,

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN

Rúa do Vilar, 13,1º.
Teléfonos 981-554 400 / 554 401
Fax: 981- 571 511

dptoeducacion@santiagodecompostela.org
www.santiagodecompostela.org